

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Federación galega de Espeleoloxía para a implantación dun sistema de ensinanzas deportivas de réxime especial con carácter dual polo réxime de bolsas e de contrato para a formación en alternancia.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou coa Federación galega de Espeleoloxía o instrumento convencional arriba referenciado dende a data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto, podendo ser prorrogado mediante acordo das partes asinantes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación galega de Espeleoloxía para a implantación dun proxecto experimental con carácter dual en Galicia, da especialidade de espeleoloxía, que combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e no IES Plurilingüe San Rosendo, de Mondoñedo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A formación dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

A colaboración das empresas se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

A Federación galega de Espeleoloxía está disposta a participar no proxecto de implantación, con carácter dual experimental en Galicia, das ensinanzas deportivas de réxime especial de





espeleoloxía. Esta especialidade está regulada polo Real decreto 64/2010, do 29 de xaneiro, polo que se establece o título de técnico deportivo en espeleoloxía e se establecen as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso.

O alumnado participante que sexa beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de carácter dual deste convenio, que é de carácter experimental terá como duración desde o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2028.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

